

<p>Clara Chenlo Antonio Gil Gloria Palacios M. Luz Pita M^a Rodríguez (coordinadora)</p>	<p>Reunidos os membros do equipo de biblioteca relacionados ó marxe o día 10 de maio de 2010 ás 17:30 h. coa seguinte orde do día:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e aprobación se procede da acta anterior. • Gastos pendentes e relación de compras realizadas. • 17 de maio: Letras Galegas e Día de Internet. • Enquisa ó profesorado valorando a labor da biblioteca. • Borrador da memoria do curso (PLAMBE e centro). • Liñas de actuación cara ó vindeiro curso. • Novo aloxamento das actas de biblioteca. • Guías de lectura. • Rogos e preguntas. <ol style="list-style-type: none"> 1. Procédese a ler e aprobar a acta anterior. 2. Infórmase das últimas compras realizadas e decídense as pendentes do apartado de equipamentos: unha impresora, un ordenador e unha pantalla para crear un recuncho multimedia, aproveitando un video existente no centro. 3. En relación coas Letras Galegas, farase unha exposición das novidades e libros de interese existentes na sala, en colaboración coa coordinadora de N. L. Está feita unha exposición coa portada dos blogs do centro, animando a participar nos mesmos. Alumnos dalgúns clases escribiron relatos en relación con este día, subíranse os mellores a Vaideletras. 4. Coméntase e corríxese a enquisa que vai ser pasada ós profesores co fin de que avalíen as intervencións levadas a cabo pola biblioteca . 5. Respecto a memoria solicitada por PLAMBE (DOG 6 de maio 2010) faise algunha corrección, indicase que serve tamén para axuntar a memoria final do centro agás o apartado da formación do profesorado que non é necesario. 6. Acéptanse as Liñas Prioritarias de Actuación cara ó vindeiro curso para a continuidade en PLAMBE. 7. Infórmase que a partir de agora as actas de biblioteca serán aloxadas na páxina web do centro, nun apartado creado para tal fin, na sección de biblioteca. 8. Móstrase a selección de libros para a elaboración da guía de lectura que se fará conxuntamente cos centros de ensino e bibliotecas do concello de Cambre ó día seguinte. 9. No apartado de rogos e preguntas solicítase que na memoria do centro se inclúa que para o vindeiro curso: <ul style="list-style-type: none"> • No recreo de Primaria e nas horas adxudicadas
--	---

	<p>ós cursos non haxa ningún outro grupo impartindo clases, polo trastorno que supón. Unha solución pode ser impartir clase nas aulas baleiras dos alumnos que están en Música ou E. F.</p> <ul style="list-style-type: none">• E que os profesores que se achegan á biblioteca con alumnos que estean pendentes de que estes, volvan os libros ó lugar onde os colleron e o marcador o deixen na bolsa. É un xeito de colaboración.• Outra aportación surxida na sesión é a idoneidade de resaltar o libro “ O pequeno Nicolás “ coincidindo co estreo da película.• Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 18:30 h.
--	--